



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeirás												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións:

A **zona de traballo** incluída no plan está dentro da zona III e subdividida en tres zonas:

- zona I: Laxas e Pías de Castiñeiras, Airós, illa de Rúa, Xidoiros Areoso e Pedregoso, Sinal do Maño, Lobeiras e Corbeiro
- zona II: desde Con de Vieiras ata Pedras do Río, incluíndo a illa de Sálvora e illotes adxacentes, As Forcadiñas, Sagres e Pragueiros
- zona III: dende o porto de Corrubedo ata río Sieira, incluíndo As Basoñas

Tendo en conta que parte do ámbito do plan está incluído dentro das autorizacións da confraría de Aguiño e en tanto non exista acordo entre as entidades respecto da explotación nestas zonas, a actividade do plan desenvolverase **unicamente nas Laxas, Pías de Castiñeira e Airós e zona do P.N. Illas Atlánticas (non incluída na autorización da confraría de Aguiño e de acordo coas condicións establecidas polo PN)**

Participantes: segundo os datos da Delegación Territorial son 8 as embarcacións coa modalidade de algas no seu permiso e 16 mergulladores con habilitación.

Na relación de embarcacións presentada non figura a embarcación "**SOL**" (VILL-1-3334) que dispón, no seu permiso de explotación, de algas Z3 e está asociada á confraría de Ribeira, polo que a entidade deberá indicar o motivo polo que esta embarcación non foi incluída no plan.

Cotas máximas de captura: non se aproba o aumento solicitado do tope de extracción para *Himanthalia*, debendo permanecer en 300 kg/mergullador/día. As **cotas máximas de captura por embarcación** establécense en función dos mergulladores con dereito a cota que estean debidamente enrolados e a bordo

En canto ao réxime disciplinario o plan indica que "por feitos graves como non acatar as normas de seguridade, non respectar as normas de control ou vixilancia ou incumprir o xeito de



comercialización, poderase acordar por parte da confraría a expulsión do infractor do plan de explotación para o vindeiro ano. O plan reflicte que a embarcación si se podería incluír no plan, pero con outros mergulladores. Con respecto a este aspecto, recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta aos estatutos da confraría e ao posible regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Mergullo:

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así será excluído na relación mensual, mentres non este renovada. A **Jesús Paz González** cadúcalle a tarxeta o día 1 de decembro de 2009.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como **xefe de equipo**.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009**.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS: a administración do parque informa favorablemente o plan coas seguintes condicións.

- Que non sexan extraídas especies de algas autóctonas: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus* e *Himanthalia elongata*
- Que a recolección se realice de xeito manual
- Recoméndase que a extracción de algas se centre sobre todo na recolección de wakame (*Undaria pinnatifida*), especie alóctona
- Que non aumente o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2008
- Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de maërl